

**ESCRITAS**

■ Tamén se analizou a autoedición

## 'O peso da nación' pecha o Encontro de autores novos

Dúas mesas redondas, *(Auto)edición: a mirada do libro de autor* e *O peso da nación* puxeron fin ao IV Encontro de Novos Escritor@s que, baixo o epígrafe *Eu os Nós?*, se celebrou nesta fin de semana en Oleiros, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Na primeira das mesas, coordinada por Antía Otero, Baldo Ramos falou das súas experiencias como confeccionador de libros de artista, nos que mestura a obra escrita, a súa poesía, con aspectos más visuais, más gráficos, á vez que analizou as posibilidades e limitacións que teñen este tipo de obras. Pola súa banda, a deseñadora gráfica Uqui Permui defendeu as posibilidades para a (auto)edición, afirmando que a simple fotocopia pode ser, como ten demostrado, subversiva e unha excelente canle de comunicación.

Francisco Castro coordinou a segunda mesa, "na que intervirón María Lado, Estíbaliz Espinosa e Séchu Sende. Sende considerou falso o debate entre literatura comprometida ou non comprometida, dado que á hora de crear se busca unha tensión creativa para vencer poderes como a morte, o desamor e a inxustiza. Espinosa, pola súa banda, considerou que a literatura e o peso literario sempre debe estar por diante da nación porque, de non ser así –sinalou– sería moi fácil saber que temos unha boa obra literaria entre máns só porque aborde o tema da nación, o cal salientou que é importante pero non suficiente. • REDACCIÓN